



ACTA DE APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DA MESA CELEBRADA O 22/08/2019, ANÁLISE DO INFORME EMITIDO POLA OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS SOBRE AS OFERTAS CORRESPONDENTES AO SOBRE A (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR), ASIGNACIÓN DE PUNTUACIÓNS POLAS OFERTAS CONTIDAS NESTE SOBRE, COÑECEMENTO PÚBLICO DESTAS PUNTUACIÓNS, APERTURA DO SOBRE B (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS), EXCLUSIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS E PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCESO DE LICITACIÓN.

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2018/ABSIOBRAS/000015

ILUMINACIÓN ORNAMENTAL NA PONTE DAS CORRENTES, PONTE DOS TIRANTES E PONTE PEONIL DA ILLA DAS ESCULTURAS

ACTO: Proceder á aprobación da acta da sesión da mesa celebrada o 22/08/2019, análise do informe emitido pola Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos sobre as ofertas correspondentes ao sobre A (criterios avaliados mediante xuízos de valor), asignación de puntuacións polas ofertas contidas neste sobre, coñecemento público destas puntuacións, apertura do sobre B (criterios avaliados mediante fórmulas), exclusión das ofertas presentadas e proposta para declarar deserto o proceso de licitación

ÓRGANO QUE SE REÚNE: mesa de contratación.

DÍA: 05/09/2019

LUGAR: Sala de Xuntas do edificio sito na rúa Michelena, 30, Pontevedra.

HORA DE INICIO: 09:44 horas

HORA DE FIN: 10:12 horas

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTA: Concelleira de réxime interior, contratación e promoción da cidade	Dona Anabel Gulías Torreiro
SECRETARIO:	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
VOGAIS:	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral). D. José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica). D. Arturo Lorenzo García (Enxeñeiro Técnico da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos) Don Juan Manuel Muñoz Cerrada (en representación do Grupo Municipal del



	Partido Popular)
--	------------------

Aberta a sesión polo Sr. Presidente procédese, como primeiro punto da orde do día, á aprobación, por unanimidade, da acta correspondente á sesión celebrada pola mesa o 22/08/2019.

A continuación, a secretaría do órgano da conta do informe da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se valora, de acordo cos criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas, as ofertas formuladas polas empresas admitidas contidas no sobre A (criterios avaliados mediante xuízos de valor) a este proceso de licitación.

Os membros da mesa de contratación logo de estudar o informe mencionado, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Aceptar o informe da oficina técnica emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, no que se valora, de acordo cos criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas as ofertas formuladas polas empresas admitidas contidas no sobre A (criterios avaliados mediante xuízos de valor).

Segundo.- Aceptar e asumir a puntuación reflexada no informe técnico anteriormente mencionado e, en consecuencia, outorgarlle ás empresas admitidas como puntuación polas ofertas contidas no sobre A (criterios avaliados mediante xuízos de valor) as que se expoñen no devandito informe, que, de forma resumida, son as seguintes:

CRITERIOS/EMPRESA	COVSA	E.C. CASAS	SETGA
PLAN DE OBRA E INSTALACION			
a.1. Programa de instalacion de luminarias (5)	3,0	3,0	4,0
a.2. Outras (3)	1,5	2,0	2,0
b.1. Programa instalacion VS Proyecto (1)	1,0	0,5	1,0
b.2. Desenvolvemento infraestructura electrica (1)	1,0	0,5	1,0
c.1. Mantemento uso propio puentes (1)	0,5	0,5	1,0
c.2. Acopios (1)	0,0	0,5	1,0
c.3. Uso das pontes en eventos (1)	0,5	0,0	1,0
d. Preservacion dos acopios (2)	0,5	0,5	1,5
TOTAL	8,0	7,5	12,5

Posteriormente, en acto público, procédese pola Secretaría da mesa de contratación a dar conta da puntuación outorgada pola mesa de contratación a cada unha das empresas admitidas polas ofertas contidas no sobre electrónico A (criterios avaliados mediante xuízos de valor).

Acto seguido, en acto público, procédese á apertura do sobre electrónico B, correspondente ás ofertas referidas a criterios avaliados automaticamente.

A mesa de contratación continúa as súas actuacións en acto non público.

Estas ofertas contidas no sobre electrónico B (criterios avaliados automaticamente) deben avaliarse conforme aos criterios de adxudicación determinados nos pregos de cláusulas administrativas. As ofertas contidas no sobre electrónico B formuladas polas empresas son as seguintes:

EMPRESAS	Oferta económica (IVE incluído)	Ampliación prazo garantía	Duración mantemento plan
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.	449.600,00 €	1 ano	15 anos



SETGA, S.L.U.	447.700,00 €	5 anos	10 anos
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	449.510,45 €	5 anos	10 anos

Tipo de licitación: 440.055,05 € (IVE incluído)

En relación a estas ofertas contidas no sobre electrónico B (criterios avaliados automáticamente), a mesa de contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Excluir deste procedemento de licitación ás empresas CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L., SETGA, S.L.U. e CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), por presentar ofertas con prezos superiores ao tipo de licitación establecido como máximo no Prego de condicións económico-administrativas.

Segundo.- Ao terse presentado a este procedemento de licitación únicamente as empresas CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L., SETGA, S.L.U. e CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), propónse ao órgano de contratación declarar deserto o presente proceso de licitación, de conformidade co establecido no artigo 22 do RD 817/2009, de 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP, onde, ao regular as funcións da mesa de contratación, se indica que "(...) en aqueles casos en que, de conformidade con los criterios que figuren en el pliego, no resulte admisible ninguna de las ofertas presentadas, propondrá que se declare desierta la licitación".

Finalizada a apertura de sobres, o Sra. Presidenta da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.